


## Guía de recomendacións fronte ao coronavirus para o profesorado

Revisión setembro 2021



## MEDIDAS PREVIAS A CHEGADA AO CENTRO

- Todo o profesorado realizará **diariamente** e **antes de chegar ao centro** de ensino a **autoavaliación clínica do COVID-19** (Anexo I).
- Ante **sintomatoloxía compatible non acudirá ao centro** e chamará ao seu **centro de saúde de referencia / centro de atención sanitaria de referencia (mutua)** e **avisará ao equipo COVID do centro de ensino**.
- Seguiranse as **indicacións** do persoal facultativo do seu centro de saúde ou da mutua.
- Se algunha persoa do núcleo **familiar co que conviva** é sospeitosa de padecer a Covid-19 **non deberá acudir ao centro** ata que se coñeza o **resultado da proba** e sexa **negativo**.
- A persoa afectada comunicará o **resultado á persoa coordinadora Covid** do **Politécnico** a través da **aplicación da páxina web do centro**.

## MEDIDAS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

- Uso da **máscara** de forma continua.
- Desinfección / lavado das **mans**.
- Uso da distancia mínima de seguridade, **1,5 metros**.

## MEDIDAS DE CONTROL COMUNITARIO

- Unha vez descartada a sintomatoloxía compatible, no centro de ensino o profesorado entrará pola **porta principal** facendo uso da cámara de **control de temperatura** e do **pediluvio**.
- En caso necesario seguirá as indicacións do persoal de Conserxería para a toma de temperatura co termómetro de infravermellos.
- Se a temperatura é **igual ou superior a 37,5°C** seguirá as indicacións do **protocolo de actuación**.
- A **saída do centro** de ensino realizarase segundo as indicacións establecidas no *Plan de adaptación COVID-19 no curso 2021-2022*.

### Temperatura > 37,5 °C durante a xornada laboral

- **Illamento** no espazo específico.
- Colocación de **máscara cirúrxica** para a **persoa sintomática e acompañante**.
- **Chamar** ao seu **centro de saúde de referencia / mutua** ou ao teléfono do COVID do SERGAS (teléfonos accesibles no espazo de illamento).
- **Seguir as instrucións** do/a facultativo.

### Síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria

- Chamar ao **061**.

## MEDIDAS EN RELACIÓN Á SALA DE PROFESORADO

- **Lavar as mans** antes de entrar e se non é posible usar o **xel hidroalcohólico**.
- Manter as **fiestras abertas** todo o tempo que sexa posible.
- Só se deixará na **mesa** o **imprescindible** para usar, o resto debe de quedar na taquilla.
- O profesorado debe de traer o seu propio **material e non compartilo**.
- O material que é preciso compartir (grampadora, máquina da auga, teléfono, impresora, etc.) deberá de limparse e desinfectarse tras o seu uso. Cada profesora/o se encargará de **desinfectar o material que utilice**.
- No caso do **material informático** limpará o **teclado**, o **rato** e a **pantalla**, así como a **superficie da mesa**.
- Limpanse as cadeiras de **reposabrazos**.
- Procurarase non mover as cadeiras do lugar no que se atopen.
- As **papeleiras** de pedal deben de quedar ben **pechadas** tras o seu uso.

## MEDIDAS EN RELACIÓN ÁS AULAS / TALLERES / LABORATORIOS

- Respetar os **aforos** dos espazos. Evitar a formación de **grupos**. Evitar o **desprazamento** de alumnado pola aula.
- Ao entrar e saír da aula / taller / laboratorio, revisar que as mesas e as cadeiras manteñen unha distancia de **1,2 metros de cadeira a cadeira**. Os postos escolares estarán orientados nunha **mesma dirección**.
- Revisar que na aula haxa dispensador de **xel**, líquido **desinfectante** e **panos** de papel. Comunicar se falta algún ou a cantidade é insuficiente.
- Deben de realizarse tarefas de **ventilación**:
  - Polo menos **15 minutos** ao **inicio** e ao **remate** de cada xornada.
  - Polo menos **5 minutos** entre clase e clase.
  - De **2 a 5 minutos** cada **15 a 20 minutos** durante a duración das clases.
  - Manteranse as **xanelas abertas** cando as condicións climatolóxicas o permitan.
  - As portas das aulas e dos corredores deberán de permanecer sempre abertas para favorecer a circulación do aire.
- Tras o uso da aula o profesorado **limpará e desinfectará o seu posto** (mesa, cadeira, teclado e pantalla do ordenador, rato, e calquera outro material que sexa de uso compartido).
- Será o **profesorado** o que abra e peche **portas** e **fiestras**, levante e baixe **persianas**, acenda e apague as **luces**. Para minimizar o risco de contaxio o alumnado non debe de tocar fiestras, portas ou interruptores.
- O profesorado debe de traer o seu propio **material** e non compartilo.
- O profesor/a da última sesión indicará ao alumnado a **porta de saída** correspondente e supervisará que o alumnado segue as indicacións.
- Como norma xeral **evitaranse** os **cambios de aula**. Cando sexan **precisos** seguiranse as indicacións:
  - **Antes** de **saír** da aula limparán as mans con **hidroxel**.
  - O alumnado **desprazarase** en **ringleira** e seguindo os **sinais do chan** (frechas de cores).

## MEDIDAS EN RELACIÓN AO ALUMNADO

- O/a profesor/a **informará das normas de hixiene e contacto social** que o **alumnado** debe de seguir no centro (Anexo II. Guía de recomendacións fronte ao coronavirus para o alumnado).
- Tras o uso da aula o profesorado pedirá ao alumnado que **limpe e desinfecte o seu posto** (mesa, cadeira e equipos ou materiais de uso compartido).
- O **incumprimento** das medidas por parte do alumnado será considerado como **conduta leve contraria** ás normas de convivencia do centro e polo tanto deberá ser notificado por escrito utilizando o documento da páxina web do centro “COMUNICACIÓN DE INCIDENTES” que entregará a Xefatura de Estudos.

## COLABORACIÓN NA XESTIÓN DAS PERSOAS CON SINTOMATOLOXÍA COVID-19

- **Non** se farán **fotocopias á primeira hora** da quenda da mañá e da tarde (durante a entrada do alumnado e persoal do centro), para facilitar a labor de identificación das persoas con temperatura superior a 37.5°C.

## MEDIDAS PARA AS ACTIVIDADES EN GRUPO

- Procurarase **minimizar as actividades en grupo**. En caso de que foran necesarias para responder ás demandas do currículo realizaranse empregando a **distancia de seguridade (1,5 metros)**, primando o uso de **material individual** ou **desinfectando e poñendo en corentena o material a compartir**.
- O material compartido debe de desinfectarse.

## COMUNICACIÓN DE SINTOMATOLOXÍA DO ALUMNADO COMPATIBLE CO COVID 19

- O/A **profesor/a** ou **titor/a** comunicará ao **equipo Covid** as **ausencias** do **alumnado** por sintomatoloxía compatible coa Covid e insistirá en que o alumnado cubra a enquisa da aplicación informática que se atopa na web do centro.
- As faltas por sintomatoloxía compatible coa Covid son **xustificadas**. Estas faltas **non requiren de xustificante médico**. Para os/as menores abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores legais.

## COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS

- Utilizarase a web do centro como mecanismo de comunicación xeral coas familias.
- Para as titorías de pais/nais e para comunicarse coas familias por outros motivos distintos da información xeral, utilizarase preferentemente a comunicación por **teléfono** ou **videochamada**, deixando constancia da mesma por escrito.
- Cando a xuízo do/a titor/a ou da dirección, sexa precisa a titoría presencial realizarase coas medidas de protección (cita previa, distancia de seguridade, mascarilla obligatorio, limpeza de mans, detección de temperatura, pediluvio).

## ACTIVIDADES NON LECTIVAS

- As **reunións de coordinación** e outras **actividades non lectivas** realizaranse preferentemente de forma **telemática** ou **telefónica**.
- Na medida do posible, a documentación resultante terá soporte dixital.

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS Á FORMACIÓN

- Estarán **condicionadas** polos **protocolos** das distintas **entidades colaboradoras**.
- Aquelas actividades que se poidan realizar no **centro** organizaranse en **espazos** que **garanticen** o cumprimento das **medidas de seguridade**.

## ANEXO I. Enquisa de autoavaliación clínica do COVID-19

De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

<b>Presentou nas últimas 2 semanas?</b>		<b>SI</b>	<b>NON</b>
<b>Síntomas respiratorios</b>	<b>Febre maior de 37,5°C</b>		
	<b>Tose seca</b>		
	<b>Dificultade respiratoria</b>		
<b>Outros síntomas</b>	<b>Fatiga severa (cansazo)</b>		
	<b>Dor muscular</b>		
	<b>Falta de olfacto</b>		
	<b>Falta de gusto</b>		
	<b>Diarrea</b>		

		<b>SI</b>	<b>NON</b>
<b>Tivo CONTACTO nas últimas 2 semanas?</b>	<b>cunha persoa COVID-19 + confirmado?</b>		
	<b>cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?</b>		
<b>CONVIVIU nas últimas 2 semanas?</b>	<b>cunha persoa COVID-19 + confirmado?</b>		
	<b>cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?</b>		

## ANEXO II. Guía de recomendacións fronte ao coronavirus para o alumnado

### Guía de recomendacións fronte ao coronavirus para o alumnado

- 1- Cada día, antes de acudir ao centro, realiza a **autoavaliación** de síntomas seguindo o cuestionario clínico-epidemiolóxico (Anexo I). Acórdate de tomarte a temperatura antes de vir ao centro.
- 2- Si presentas **UN** dos síntomas da enquisa **NON** acudas a clase, contacta co teu médico ou enfermeiro a través da **aplicación COVID da páxina do CIFP Politécnico de Lugo**.
- 3- Se un familiar ou persoa **convivente** teu é sospeitoso de padecer a COVID-19 non acudas ao centro a saber que a proba é negativa. En canto saibas o resultado da proba comunícalo ao centro.
- 4- Mantén en todo momento unha distancia de **1,5 metros** co resto de compañeiros, compañeiras e demais membros da comunidade educativa. Evita as aglomeracións tanto dentro do centro como nas inmediacións.
- 5- O uso da **máscara** é **OBRIGATORIO** durante toda a xornada lectiva. Deberás ter unhas reservas necesarias (Anexo II).
- 6- Procura non tocar os ollos, nariz e boca.
- 7- **Lava** frecuentemente as **mans** (sobre todo na entrada e saída do centro, antes e despois de comer e sempre despois de ir ao aseo), con auga e xabón ou co xel hidroalcohólico seguindo as instrucións que atoparás nesta guía e nos carteis informativos (Anexos III e IV).
- 8- Despois de tusir ou esberrar hixieniza as mans. Se tes que limpar o nariz debes de utilizar pañuelos desechables, lava as mans, usa o papel para secalas, pecha a billa co papel e desbotao na papelera.
- 9- Se empezas a encontrarte mal no centro **comunícalo** de inmediato ao teu profesor/a.
- 10- **Non compartas o teu material** con outros compañeiros e compañeiras.
- 11- Desfruta do recreo con responsabilidade e mantendo as medidas de seguridade.
- 12- Respecta o **aforo** dos diferentes espazos (aseos, biblioteca, cafetería...) e a **signalización** dentro do centro e entrar e saír do mesmo.
- 13- Durante a xornada lectiva deberás **permanecer** no teu sitio dentro da aula. Nos comedores a saída e a entrada será de xeito ordeado, e mantendo a distancia de seguridade.
- 14- Non toques as chaves da luz, os tiradores das portas, as persianas e fiestras. Serán utilizados unicamente polo profesorado.
- 15- Non podes comer ou beber nas aulas nin nos espazos comúns.
- 16- Segue en todo momento as indicacións do persoal do centro. O **incumprimento** será considerado como conduta leve contraria ás normas de convivencia do centro.